

ISBN 84-453-3346-1



9 788445 333464



AGROPACION DE LIBREIROS
DE OURENSE



CONCELLO DE
OURENSE
Concellería
de Cultura



CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E
ORDEHACIÓN UNIVERSITARIA

CONSELLERÍA DE FAMILIA E PROMOCIÓN
DO EMPREGO, MULLER E XUVENTUDE

Marta Pérez Marín

chungungo

e catro
contos máis

Virxilio Rodríguez Vázquez

Roque Cameselle Capón

David Lorenzo Labrador

María González Miguens

XUNTA DE GALICIA



CHUNGUNGO
e catro contos máis

Marta Pérez Marín

Virxilio Rodríguez Vázquez

Roque Cameselle Capón

David González Labrador

María Lorenzo Miguéns

Índice

Limiar	pax. 9
<i>Chungungo</i> Marta Pérez Marín (<i>Premio Ourense</i>)	pax. 11
<i>Uppercut</i> Virxilio Rodríguez Vázquez (<i>Accésit</i>)	pax. 37
<i>A cidade dos sonhos incumpridos</i> Roque Cameselle Capón (<i>Accésit</i>)	pax. 49
<i>O Anxo de Raioso</i> David González Labrador (<i>Accésit</i>)	pax. 73
<i>Cabalos azuis</i> María Lorenzo Miguéns (<i>Accésit</i>)	pax. 95
Ficha técnica	pax. 105



LIMIAR

Son xa dezaioito as edicións deste concurso; en realidade, dezanove: cando este libro saia do prelo xa haberá unha décimo novena decisión do xurado. As ilusións de ducias de rapazas e rapaces volven saír a relucir na edición das obras gañadoras, que, un ano máis, serve de complemento fundamental ós premios outorgados. Literatura nacendo e chegando ó seu público potencial. En moitos casos, será o primeiro paso cara a unha carreira exitosa; noutros, non, pero sempre será unha posibilidade aberta. Por se fose pouco, é unha 'radiografía' do que os autores e autoras novos poden dicir hoxe, e unha garantía da subsistencia da literatura galega no futuro. Os organizadores seguimos a pensar que este esforzo paga a pena —e moito—, e sabemos que, tanto desde a beira dos creadores e creadoras como desde a dos lectores e lectoras, é ben recibido. Consequirmos establecer ese contacto entre as dúas beiras é xa unha recompensa. Se ademais, como é o caso, sabemos que a persoa que está a punto de comezar o libro é agardada por obras que a cativarán de principio a fin, non podemos pedir máis.

Ourense, maio de 2002

Casa da Xuventude de Ourense
Agrupación de Libreiros de Ourense

E cheguei a Chungungo, Ignacio. Está como ben dicías a uns 500 km da capital do país e conta con pouco máis de trescentos habitantes. Un labrego desa terra consume uns 14 litros de auga diariamente, non quero nin imaxina-lo que nese mesmo tempo consumímo-los europeos occidentais, ¿douscentos, trescentos...?

Aquí, na vila, faltaban os cartos para instalar plantas de desalinización da auga mariña e tampouco houbo ninguén que se preocupase de verdade. Por fin, visto o desinterese estatal polo seu problema, os habitantes de Chungungo, segundo me explican, determinaron por se axudaren a eles mesmos.

Con enormes redes de polipropileno, mercadas no supermercado, de 50 metros cadrados de superficie e instaladas nun outeiro diante da vila, dedícanse a capturar hoxe as gotas de auga da brétema das mañás.

Tiñas razón, Ignacio, é ma-ra-bi-llo-so.

Vino cos meus propios ollos, son tal e como ti imaxinabas, puras redes como de voleibol.

Un dos pescadores explicoume que 300 días ó ano cruzan por alí as nubes e un millón de gotiñas de néboa se transforman —captadas en tubos— nunha gota de auga.

Para sempre, Rocío.

Uppercut

Virxilio Rodríguez Vázquez

«Ninguén morre de amor...»

P. C. S.

Por traer os días que habían de vir.

Por hoxe.

Ós meus pais.

Á miña irmá.

A Se.

1º ROUND

—¿Non dis nada?

—Cando conduzo vou concentrado na estrada, ¿sabes?, non podo facer dúas cousas á vez.

—Ah.

—¿Quen era a rapaza que preguntaba? E o outro, ¿quen era o outro? ¿Son eu? ¿Fun eu? E ti, ¿quen es ti?

Aquela conversa puxo voz á imaxe acesa na miña mente mentres agardaba no recuncho a chamada da campaña á realidade. Na sucesión de fotogramas deteriorados polo tempo eu conducía un coche, íamos xirando, trazaba unha curva pechada, entón escoitaba a pregunta: ¿Non dis nada? Miraba de esguello cara á dereita, onde estaba ela. Unha rapaza de cabelo curto, negro, e pel branca igual que unha folla agardando ser escrita, pero eran os seus ollos, sobre todo os seus ollos, os que lembro con nitidez obsesiva na confusión do cadro. ¿Non dis nada? Enmarcado o seu rostro pola ventá do coche, a cada instante trocaba un fondo pintado por árbores verdes sobre un valado linealmente gris, casas suspendidas nun cine inerte e un mar azul con montañas afastadas remontando o escenario. Sol de verán. Esta fotografía perdida converteuse logo nun cadrado da raiola debuxada pola miña memoria no chan e o fio do pensamento

levoume fóra da pintura, como querendo tomar impulso. Vinme a min mesmo colle-la pedriña que ficaba xunto ás botas marróns. Erguinme lanzándoa ó mesmo tempo ó espacio. Tiven medo. Caeu nunha casiña: A 10, mais pasou á 9 e logo á 8, 7, 6, 5, 4, 3, 2, 1... e na vertixe os meus ollos visionaron milleiros de imaxes doutro tempo: Unha man, unha oportunidade, agora ou nunca, bágoas, cadelas, un bico sobre unha mesa de billar, cadernos cheos de verbas, postais, chamadas das 23:30, esperas, corpos suorosos loitando en penumbra, coches a 160, unha cidade de cheiro clorhídrico, discusións políticas, quérote, diglosia, tempo pasando, noites eternas, trens que van, volven e van, unha ponte repetida, siluetas a contraluz, o Che, Hospital Xeral, unha labazada, distancia, perderme, amarte, dor de xeonllos, depresión, distancia, xa non hai voz, nin explicacións, nin saloucos, derradeira defensa, silencio...

Mentres durou o bombardeo, ela, aquela rapaza, sempre estaba alí, en todas e cada unha das secuencias, dos segundos, dos suspiros, dos asaltos. Finalmente, a pedriña rolou para deterse aquí, no derradeiro cuadrilátero.

TIN!

2º ROUND

Suor. Unha calor abafante enchía aquel inmenso espacio. Non vía nada. Os meus ollos permanecían pechos e na interna cor negra apertábaos para que xurdisen dos meus adentros unhas estreliñas brancas a pasar cara a ningures. As mans con cheiro a xel antiinflamatorio percorrían áxiles o meu pescozo. Voces agolpadas do redor formando liñas verbais inintelixibles. Ruídos silenciosos. Unha profunda aspiración inflou naquela bocalada os meus pulmóns. Fol de aire viciado. Dei cun tabaco rubio preto de min. Non souben nunca por que eu sempre era quen de distinguir aquel bafo tan común e anónimo dentro da bóla azulada que esvaecida voaba sobre nós. Un perfume a herba alcatranada, un pito rubio a se consumir era o que a miña voz interior clasificou. Entón un ritmo afastado cubriuno todo. ¡Veña, veña, veña! Soaron as alarmas. O tic-tac acelerouse. Motores acesos. Tila con menta verde e xeo. Nunca tremera. Sangue bombeando. Golpes secos. Presión. Arterias ilimitadamente flexibles. Taquicardia galopante que esmaga, succiona, arrastra. Tranquilidade: Bebiches un zume de laranxa fresco

e doce, cheo de polpa vitaminada nunha praia do océano Pacífico hai tres minutos. Tensión. Rompente cerebral. Fervenza. Remate de canto comeza. ¿Nervioso? Non pasa nada. Todo ha ir ben. Xa se foi. Ela non fica aquí. Non a mires. Deixa a súa imaxe. Concentración. ¿Medo? Afasta o nome dos teus mudos beizos. Ruxe a realidade. Suor. Ruído. Voz. Abafante calor. Segundo. Reloxo. Golpe frío. Dor. Xente achegándose. ¡Veña, veña, veña! Tes que te erguer. Non lembrar. Mente en branco. Animalia escenográfica. Dispara. Ataca. Ruptura. Entrega. Recordo. Saúdo. Remata. O ritmo constante ameaza por reafirmar aquilo que quero non querer porque tanto quero e de súpeto...

TIN!

Abro os ollos, miro cara abaixo tentando move-los dedos encorsetados nas luvas vermellas. O adestrador diante de min sacode contra unha parede inventada a toallíña para me refrescar. Apártase. No curruncho oposto do cuadrilátero fica o meu rival. Frío, serio, calado. Impacto no seu iris negro. Mirámonos. Silencio. De socato cruza na nosa diagonal visión unha rapaza cun cartel entre as mans. Leo: 1º Round. Luces. Bucinas estridentes. Pasado. Chamadas. Memoria. Cores. Antigas illas. Soños. Adestramento. Horas. Respiración. Auga. Tempo, tempo arrebatador. Recordos. Todo remata, todo comeza.

TIN!

3º ROUND

Os nosos corpos uníronse formando un só tempo. Caían as raiolas de luz agoniantes sobre o teu torso, entón era cando eu tentaba atrapalas para sempre con bicos suaves, incesantes, tetrasilábicos, coma se ti foses o meu engano e eu o cazador agardando aquel instante, mais remataban por fuxir irremediabilmente. Quedaba enganchado logo, no último bico, ós teus beizos, escoitando: Avesporiña... cazador cazado. Empurrábasme para ir rodando na caída da praia sen máis fronteira que a escuma branca rompendo contra nós. Frío. Enredabámonos nun xogo febril de saloucos entrecortados, cheo de versos onomatopeicos, infindas miradas que han ficar comigo para sempre. Ós poucos xa nos converteramos en toupeiras esculcando no máis fondo

do outro. Os teus dedos collían o meu rostro, acariñábanme moi lentamente, ficabas así, queda, non sei canto, sen pronunciar unha soa palabra, sen un aceno, sen unha bágoa, sen tan sequera silencio. Eran uns ollos acastañados, secretos, unha pel branca, líquida, cabelo negro, como os sonhos sen título.

—Abrázame. Non fales, non digas nada. Tan só abrázame... Forte, máis forte, aínda máis forte.

Baleirábame en toda ela sen pensalo, e abrazábaa con forza, con toda a forza, igual que o náufrago a unha madeira na borda antes do naufraxio.

Pero a realidade...

Volvíamos á area namentres a area volvía a nós, xunguindonos, confundíndose con cada unha das nosas células, ligando as nosas almas... Foi cando, esquecendo o futuro, ti dixeches: «Quérote para sempre».

Os nosos corpos uníronse formando un só tempo. Caían as raiolas de luz agoniantes sobre o teu torso... o solpor tinguía de vermello as miñas mans espidas e o zume de laranxa camuflado polo fondo do cadro afogaba a tristura do reloxo presente.

Quén me dera ser cego.

TIN!

4º ROUND

En pé. Situámonos un fronte ó outro. Detivémonos. Inspiración. O home de raías irrompe no expectante silencio anterior á loita cun seco adiante e de súpeto...

Véxome bailando de xeito incesante, xirando no sentido da agulla dalgún compás esquecido, sumido na máis profunda das concentracións. Por riba da miña barreira de antebrazos golpea o sentido neuronal nas pupilas próximas do contrario. Sinto nada. Sigo inerte o seu movemento sen me decatar. Unha comba imaxinaria sacode o chan obrigando a erguer nun rítmico 6/8 os meus pés. Xogo de nenos. Muda o rumbo novamente, eu tento non seguilo, mante-la distancia. Deixarlle só o terreo suficiente pero á vez non perde-lo contacto da súa ollada, aquela ollada de quenlla traizoeira.

Pensamento. Quizais todo é un instintivo mecanismo de supervivencia que fai inútil calquera adestramento. Cheiras o perigo pero ficas alí, sabedor do que vai suceder.

Un foco céntrase na miña caluga, síntoo. O círculo vaise estreitando a cada paso. Cuadrilátero. Non debes deterte. Non hai ninguén, só ti e mais eu. Semella unha estatua de bronce antigo con vida propia. Alén del, todo é claramente escuro, sen fendas que poidan proporcionar unha resposta. Temón perdido. Roda de dentes suorosos. Cordas de area atándonos. A espera é esgotadoramente tensa, xa non aturo máis, dígame: ¡Agora!

Sobe o ritmo. Acelero. Comeza a axiliza-los seus movementos. Estou presto. Non me atrevo. Remata. Apunta. Explota a angustia. Ergue o teu cóbado. Encanona. Flexiona os xeonllos. Tensa o marcado abdome. Auga caendo. Ruxe, ruxe toda a escuridade cega. Adiántate. Faino. Non agardes. Acciónate. Decídete. Sen medo, un paso cara a el, crávalle a mirada, inspira, concentra as túas forzas e despois...

TIN!

5º ROUND

A noite era a nosa aliada. Deixabámonos levar na escuridade atemporal guiados polas liñas brancas discontinuas dun asfalto anónimo, sen facernos preguntas, escoitando as enumeracións inesgotables dun cantautor solitario, mirando aqueles coches, as rúas, os sons mudos de ambulancias kamikazes, as botellas transparentes xunto ó cubo verde do lixo, os semáforos vermellos; mirando os cadrados luminosos invasores de cada edificio, os paneis con sinais, cruzamentos, rotondas, os pasos de peóns abandonados. Os últimos amigos de madrugada, os portais orfos, os colexios inútiles polas horas, as árbores urbanícolas competindo polo osíxeno de media noite; mirando as paradas de autobuses agardando ó nocturno, as prostitutas esquecidas pola vida, quizais o derradeiro suicida; mirando as escaleiras, os canellóns, as encostas, galerías, cafés fechados, voces apagadas, néboa gris, cheiros a pan doce, urxencias expectantes, grandes almacéns, homes varrendo milleiros de metros cadrados, auga regando cemento, concello, faros acesos, unha lúa, parques emboscados, comerciantes fóra de

tempo, mar atraente de almas, rañaceos inventados, praias apropiadas por parellas insubmisas, brazos de ferro, eternas avenidas, hoteis, estacións de tren, autoestradas, muros, silencios, silencios, silencios... mirando mirándonos.

O coche detíñase finalmente na rúa Bolivia. Sacaba o contacto e todo ficaba en silencio. Dicíame:

—Fálame da parte de atrás.

Eu comezaba:

—Os homes varrendo, os camións chegando ós grandes almacéns, as paradas agardando, o derradeiro café... Todo o que vemos e aquilo que ninguén ve, todo ten unha parte de atrás.

—*Aceituna.*

Dicíame ó oído.

Logo bicábame paseniñamente e a parte de atrás chamaba por nós de forma irrenunciable ata o amencer doutra noite máis...

TIN!

6º ROUND

«Prudencia»

O adestrador lembroume no descanso intermedio a palabra clave. Non ser o primeiro en atacar, manterse expectante, atento ó que sucede, vivo mais sen compromete-lo golpe inicial.

Así fora a miña educación para o combate, e daquela forma, na total disciplina, medrei sen outra resposta que o acatamento dun principio dictado, á fin, por unha voz interior.

«Debes deixar que sexa o outro quen decida o primeiro aceno, quen tente atinar, quen experimente; ti observaralo chegando a completar unha análise precisa que reduza no posible o campo da incerteza. Polo seu intento saberás se é veloz na saída do puño, se deixa zonas do corpo descubertas e baixa a garda, se amosa preferencia por algún dos lados, se perde o equilibrio, se busca un combate lento ou polo contrario rápido e fugaz, coñecerás se pretende o contacto ou a distancia, a súa tensión, os seus

puntos febles, os seus falsos xogos, poderás comprobar se mantén a ollada fixa nun punto ou reacciona ante o posible contraataque, basculara-las túas oportunidades en función dese primeiro golpeo, xa non haberá especulacións, nin dados que tirar, quedarás ti só contra o teu espello suoroso, espido, con calzóns azuis.»

Lembraba o ensino asumido dende pequecho alí, mirándonos na noite artificial, dentro do coche, no garaxe da túa casa, ás escuras, sen máis luz que os teus beizos carnosos. Tamén agora, a verba clave deletreada nun morse incesante, sen tregua, dicía: «Prudencia, non golpees ti primeiro, non arrisques, dubida, dubida, dubida...»

¿Por que había que decidir entre a autoestrada e a Nacional, entre o medo e a paixón, entre pagar ti ou eu? ¿Por que decidir entre falar ou calar, sorrir ou chorar, subir ata a túa casa ou non verte nunca máis? Deixarte, deixarme, seguir, saír ou entrar... pegar ou deixarse pegar. O púxil agardaba a miña resposta.

¿Por que non decidín entre a autoestrada e a Nacional? ¿Por que non decidín un si ou un non? ¿Por que non me decidín por ti?

E a dúbida respondeu: Parálise.

Chegaches tarde.

TIN!

7º ROUND

—Non lle deas máis terreo, mantén a distancia.

O adestrador quitoume as luvas, despois colleu as tesoiras e cortou as vendas.

—Vouche poñer outras.

Tentaba recupera-lo compás da respiración, relaxa-los músculos por un momento, descansar.

—Tes que ergue-los antebrazos, a garda firme, non a perdas de vista.

Era unha rapaza fermosísima. Lémbroa. Gustábame coas camisolas de asas, escotadas, e as minisaias nas noites calorosas de verán. As miñas mans deslizábanse naquel lenzo sen fronteiras, ela apertábase a min, sentíaa con forza, mordíámonos,

somerxíase no meu cabelo rizado, cruzabámonos, o silencio combinábase con monosílabos entrecortados. Collíame, soltábaa, perdiámonos, berraba, suspiros, voces apagadas, tensión, afogar no baleiro de pracer.

—Estache a impoñe-lo ritmo; cambia de xogo, móveo ti, lévao contra as cordas.

Nas conversas viaxabamos sen preguntarnos cara a ónde. Non importaba. Discutíamos apaixonadamente mentres as memorias agardaban un despiste sen nós sabelo. Marchabámonos feridos. Un bico de volta, unha recompensa, un «quérote». Os cines eran parada de venres ou sábado. Horarios de chegada. Vernos. Dúbidas. Agardar. Sempre cando se chora é de verdade aínda que a un lle pareza o contrario.

—Deteno un pouco, calma o combate.

Ceas, visitas, apertas, aniversarios, paseos nos xardíns, invitacións a comer, cafés de media tarde, risas absurdas, enfados, longas noites, nadal de dous, aniversarios, ir da man, camas baleiras, canción de recordo, agasallos, tempo pasando...

—iBótalle auga oxigenada nesa ferida, axiña!

Quizais sempre é o mesmo. Eu non o entendía. Non entendía o que quería dicir realmente, quen me estaba a falar, quen era eu. Só vía un púxil no outro recanto do ring.

—Tes que estar atento. Todo ha cambiar. Vas gañar. Lembra, aguanta o combate ata o final.

O adestrador enchía a miña face de vaselina, con tenrura, como amando. Unha botella de «coca-cola light» permanecía debaixo do meu tallo. O *manager* levaba lentes escuras na primeira ringleira de espectadores. As cordas, delimitadoras, semellaban saír de min. Fóra da lona tres xuíces, sete mandamentos, baleiro. ¿Por que?

TIN!

8º ROUND

Parecíamos acabados de saír dunha escena cinematográfica na que os dous amantes, na rúa, baixo un trebón implacable, paran despois de discutir, e o director achega un primeiro plano del, resaltando un cabelo empapado do que caen as pingas para transformarse en bágoas indómitas nas súas fazulas. Atraído pola representación,

comecei a percorre-lo seu corpo, sabendo, quizais, que sería a derradeira vez. Aquel mesmo corpo descuberto había un anaco, ou moreas de anos atrás. Tan real, tan humano. Por unha parte sentía un primitivo impulso de golpear nel con tódalas miñas forzas, descarga-lo peso no seu abdome fundíndoo na terra, *noquealo*... Pero por outra parte un berro afogado dicíame: Ámalo, queres ese corpo. Un bico, unha caricia, unha palabra murmurando no meu oído, uns beizos enchéndome, unha man, unha aperta, unha aperta forte, máis forte, aínda máis. Sen embargo, sempre agardar, a maior parvada da miña vida. A dor nas costelas oprimían un corazón latexando a un ritmo irrefreable, indefinido, mortal. Sentín un medo que se foi estendendo igual ca unha sombra dunha árbore cando desaparece o sol, afastándome da realidade, de min mesmo. ¿Que tes que facer? ¿Que queres facer? O temor á perda detívome. Daquela decateime do que ía acontecer. O outro preparou o definitivo lance. Vin o seu cóbado esquerdo flexionado rabiosamente, coma os arcos que o meu avó construía para min coas mimosas verdes que medraban ó carón do Avia, na aldea afastada, noutro lugar. Quebrou os xeonllos. Fixou as punteiras no chan. Acelerou o movemento de cintura amagando cara á dereita. Era un engano perfecto. Ti sempre dicías: Avesporiña, cazador cazado. Apurou a defensa co antebrazo dereito. Xirou lixeiramente o pescozo. Seino agora, quérote. Nunha posición de semiperfil aguantou milésimas de segundo. Deu a sensación de retirarse. Non é tarde, nunca é tarde, suplícoche unha oportunidade, oportunidade, oportunidade... parou na oportunidade, nese instante onde está o punto que separa a victoria da derrota, os vencedores dos vencidos. Entón, o seu cóbado, ata ese momento flexionado, rotou fugazmente, disparando nun «jab» de esquerda, unha bala azul que impactou no meu rostro xa ensanguentado.

Escoitei: TIN!

9º ROUND

Caín. Seguindo a liña do tapiz puiden ver nunha acuarela esvaecida polas miñas bágoas ó adestrador facendo acenos desesperados coa toalla na man, berrando, dando palmadas ó poste da esquina, pedindo que parasen o reloxo, que detivesen o combate, que rematasen.

—1, 2, 3...

Rebumbio. Xente enfervorizada aplaudindo, asubindo, brincando de emoción. Flashes. Voces. Gorxas desgarradoras. Corpos contra corpos. Aturuxos. Bancadas ateigadas ruxindo, tremendo, pateando nos chanzos de metal. Percusión racial.

—... 4, 5, 6...

A pedriña marmórea ía rolando de casiña en casiña impulsada pola inercia da soidade, pero eu non sentía nin as pernas, nin os brazos, nin o aire con cheiro a tabaco rubio. Non sentía nada, non era quen de saír daquela casiña da raiola mentres vía como as miñas luvas se ían confundindo cunha constante marea roxa.

—... 7, 8, 9...

Ciclón. Cristais esnaquizados. Desbordante fusión. Máis, sempre máis. Sonoridade. Ritmo infernal. Escuridade anónima chea de verbas inocentes. Clamor. Non tiña gañas de facer ningunha cousa. Non quería erguerme. Non quería falar, nin dicir, nin pensar noutro sitio, nin soñar, nin lembrar...

Despois, o meu adestrador desapareceu.

TIN!

10º ROUND

—¡Soro! ¡Axiña, inxéctallo! ¿Diagnose?

—Presenta múltiples hematomas no abdome e no peito. Contusión forte no ombreiro dereito. Ten dúas costelas esnaquizadas. Traumatismo craneoencefálico. Perdeu a visión do ollo esquerdo.

—Límpalle as feridas da cara e faille unha primeira cura.

—¡Máis rápido, conduce máis rápido!

As cousas ocorren sen moitas explicacións, quero dicir que sabes o que pode suceder e aínda así tentas muda-lo rumbo, pero o feito é que a auga do río vai pasando, cando te decatas dis: Non, para nada, o peor que pode pasar é... pero non, non creo, dubído, espero que non... Buscamos unha causa, unha razón que o aclare todo, unha resposta, mais o feito é que as cousas, como dixer, ocorren sen máis voltas que darlle. A vida éche tan sinxela, feita de pequenas imaxes, unha colaxe de pantallas cinematográficas nas que fican gravadas escenas diarias en VO que máis tarde imos subtitulando, nunha fuxida cara adiante, sorteando os sons de media noite, os segundos, cada hora marcada no dixital de cuarzo. É unha partida de póker onde xogas sen comodíns, a cara descuberta, pero ela sempre agocha para ti un ás, a túa alma, agardando ese instante.

—¡Ábrelle os ollos!

—¿Pulso?

—¡Vaise!

—¿Pulso?

—¡Vaise!

—¿Pulso?

Dixéchesme que non aturabas máis, que chegaras ó límite. Non podíamos continuar. Dixéchesme que eu non entendía o que me estabas a dicir porque endexamais te entendera, que o noso se fora das mans, non tiña sentido, que se convertera nunha neurose, nunha obsesión psicótica, nunha paranoia diaria, que perdérala túa vida e non permitirías botalo todo pola borda por máis tempo. Dixéchesme que non me querías, que te deixase en paz, que me fose. «¡Vaite, déixame, esquécame, esquécame para sempre, ti e-lo meu meirande erro!»

—¡Ten que escoitar! ¡Fálalle, dille algo! ¡Ten que recupera-la consciencia! ¡Ten que sentir!

—¡Váisenos!

—¡Máis rápido, máis rápido, písalle máis!

—Chamando a urxencias, cambio. Chamando a Urxencias, 8709, cambio.

—¡Está a quedar sen pulso! ¡Diminúen as constantes vitais! ¡Estámolo a perder!

—8709, chamando a urxencias.

Lembro que xa non puiden reaccionar, xa non puiden ergue-la miña defensa e o muro que tiña en fronte traduciu o derrubamento nunha luva azul, nun puño apertado... agora sempre penso en ti. Estás alí para onde miro. Un café, o mar, un poema, unha rosa de cor marela, o monte en inverno, no teatro, unha abertura de Bach, un gato gris a raías, un aniversario, maio, unha coca-cola sen azucre, un xersei negro, un anel, unha estación, unha caixa de tabaco rubio, cadelas, un silencio fascinante, soños de viaxes, unha praza de pedra e un tren, sempre un tren.

—¡Dime o teu nome, veña, dime o teu nome, tes que facelo, tes que tentalo, non debes deixarte ir! ¡O teu nome!

—...

—¡Si, está a falar, está a falar, pero... un momento, non é posible, baixa o pulso!

—...

—¿Está a dici-lo seu nome?

—Está falando, pero vaise.

—¡Aparta, vou darlle unha descarga! ¡1, 2, 3, fóra!

—¡1, 2, 3, fóra!

—¡1, 2, 3, fóra!

Fóra, fóra, fóra,

Fóra, fóra, fóra...

«Post mortem»:

Data: 10-10-1999

Causa: Paro cardíaco.

Lugar: Urxencias.

Nome: ...

A cidade dos soños incumpridos

Roque Cameselle Capón

*A Luís Méndez Iglesias, 'Papáabuelo',
que encheu a memoria do meu pai de tantas historias
que non sei se terei tempo e papel para escribilas todas.*

*A Pura, 'Mamáabuela', que aturou a ámbolos dous con paciencia infinita.
Tamén na lembranza do día aquel en Club de Campo, cando me deu un bico, sorriso tristísimo, e
o mar do Canido mandou un aire que deixaba sabor salgado de bágoas entre os labios.*

I. INDO A MANAOS

Meu avó chamábase Luís Méndez, e cando novo estivera en Manaos. Meu avó non falaba en portugués pero ao pronunciar o de Manaos víñalle un acento brasileiro á boca que daba gusto oírlo. Meu avó, que nacera en Ourense e de neno marchara para Ribadavia, dicía que o Miño era un regato a comparar co Amazonas.

—Un regato bonito pero un regato —aclaraba en dúbidas de non faltar.

A Manaos íase primeiro en tren ata Santarem (Santarem do Brasil, non o que temos aquí ó lado) e despois apañábase un barco a vapor que te levaba río arriba. Cun rosmar abafado que mesmo parecía o ruxe ruxe das beatas na porta da igrexa. Ao rosmar ese das máquinas do buque non te afacías nin co costume, nin co paso do tempo. Era imposible de esquecer para os sentidos. Soaba alleo, coma unha ofensa naquel silencio ruidoso da selva. O barco demoraba catro días na súa viaxe, e neles un percorrido de paraísos intrincados expúñase sen recato diante dos ollos. Había tres castes de viaxeiros: os que tiñan camarote, os que durmían nas hamacas baixo o sollado e os que ían deitados na cuberta gorecidos das tormentas e o sol por unha lona que imitaba as velas no seu movemento. Meu avó foi a Manaos nos camarotes e volveu de Manaos nas hamacas. Non o fixo por experimentar, que

Ficha técnica

XVIII Concurso de Contos para a Mocidade, 2001

Obras presentadas:

sesenta e nove contos de cincuenta autores e autoras.

Premio Ourense:

Marta Pérez Marín, por «Chungungo»

Accésit:

Virxilio Rodríguez Vázquez, por «Uppercut»

Roque Cameselle Capón, por «A cidade dos sonhos incumpridos»

David González Labrador, por «O Anxo de Raioso»

María Lorenzo Miguéns, por «Cabalos azuis»

O *Premio Ourense* está dotado con 100.000 pesetas, e cada accésit con 25.000 pesetas. Dous deles recaeron, como estipulan os regulamentos, en menores de 17 anos: nesta ocasión, David González Labrador e María Lorenzo Miguéns. A decisión do xurado deste décimo sexto Concurso deuse a coñecer o 17 de maio de 2001, Día das Letras Galegas.

Xurado:

Sandra de la Fuente

Xulio López

Raquel Crespo Pérez

Mercedes Seixo

Marisé Suarez

Benito Losada, como secretario sen voto.

Participantes

Santiago Álvarez Álvarez. Ourense, 1985
Juan Antonio Álvarez Losada. Ourense, 1975
María Arce Barreiro. Vigo, 1983
Bárbara Argibay González. Marín (Pontevedra), 1982
Estefanía Bahamonde López. Verín (Ourense), 1981
Santiago Bergantiños Martínez. Ferrol, 1971
Roque Cameselle Capón. Vigo, 1981
Xabier Castro García. Boiro (A Coruña), 1970
Javier Castro Martínez. Vigo, 1978
Cristina Cuenca Fernández. Reinosa (Cantabria), 1982
Xosé Díaz Díaz. Lugo, 1980
Víctor Domarco García. Ourense, 1985
Ricardo Fernández Carballo-Calero. Lugo, 1972
Victoria Fernández Carrera. Vigo, 1976
Rodolfo Fernández Lamas. Nimega, Holanda, 1976
Marta Fernández López. Ourense, 1982
Tamara Fernández Pérez. Ourense, 1981
Javier Franqueira González. Ourense, 1974
Iván García Campos. A Coruña, 1974
Juan José García Rodicio. Ourense, 1972
Alberto Gómez Bautista. Ponferrada (León), 1977
Gabriel Gómez Estévez. París, Francia, 1980
Carlos González Figueiras. Chantada (Lugo), 1981
David González Labrador. Ourense, 1984
Katia María Guimaré González. O Porriño (Pontevedra), 1977
Elisa Iglesias Gil. Ourense, 1984
Laura López Fernández. Ada-Chantada (Lugo), 1982
Agustín López Valiñas. Forcarei (Pontevedra), 1978

- María Lorenzo Miguéns. Dodro (A Coruña), 1986
- M^a do Carme Martínez Baleirón. Ribeira (A Coruña), 1982
- Paulo Martínez Lema. Begonte (Lugo), 1982
- Ignacio Mascuñán Freijanes. Pontevedra, 1979
- Martiño Maseda Lozano. Vilalba (Lugo), 1970
- José Antonio Míguez Pérez. Vilar de Santos (Ourense), 1978
- Alberte Momán Noval. Ferrol, 1976
- Eva Moreda Rodríguez. A Veiga (Asturias), 1981
- Emma Pedreira Lombardía. A Coruña, 1978
- Lois Pérez Diéguez. Ourense, 1983
- Raúl Pérez Diéguez. Ourense, 1981
- Marta Pérez Marín. Barcelona, 1971
- Adriana Pérez Villanueva. Noia (A Coruña), 1977
- Loreley Piñeiro Rodríguez. Mondoñedo (Lugo), 1984
- María José Piñón García. Burela (Lugo), 1981
- Sergio Rivas Alonso. Vigo, 1972
- Alberto Rodríguez Díaz. Ourense, 1982
- Marta Rodríguez Peleteiro. Ourense, 1984
- Virxilio Rodríguez Vázquez. Vigo, 1978
- Bentorey Sanginés Molina. Las Palmas de Gran Canaria, 1985
- María Aránzazu Serantes López. Ferrol, 1982
- Gerardo Vidal Rivas. Friol (Lugo), 1979

Concurso de Contos para a Mocidade Cadro de honra

- 1984** Xosé Carlos Caneiro. Verín (Ourense), 1963.
«O caso de Horacio Silveira, que quería ser neno e non o deixaron»
- 1985** Anxos García Sumay. Catoira (Pontevedra), 1960.
«O devalo»
- 1986** Xosé Manuel Paramos Neira. Tui (Pontevedra), 1967.
«A caída dun contrabandista e camanduleiro»
- 1987** Afonso Vázquez-Monxardín. Ourense, 1960.
«A novidade»
- 1988** Alexandre Sánchez Vidal. Ourense, 1962.
«De populorum progressio»
- 1989** Pedro Gonzalves. Aveiro (Portugal), 1964.
«15024»
- 1990** Pablo José Hermida. Santiago, 1968.
«A derradeira hora de Lucrecio»
- 1991** Xosé Lois G. Sende. Padrón (A Coruña), 1973.
«No autorretrato de Iris Ciplijauskaite había po»
- 1992** Ánxeles Alfaya. Vigo, 1964.
«Auga varrida»
- 1993** Eva Moreira Fontán. Porriño (Pontevedra), 1966.
«Catálogos»
- 1994** Ánxeles Alfaya. Vigo, 1964.
«A recortada»
- 1995** Antón Riveiro Coello. Xinzo de Limia (Ourense), 1964.
«Historia da pusilanimidade»
- 1996** Ana Cristina López. Sarria (Lugo), 1972.
«Mala espiña»
- 1997** Marisé Suárez Leal. Maceda (Ourense), 1966.
«Sobre toupas, castañas e outras nimiedades»
- 1998** Xonxa Fernández. Allariz (Ourense), 1968.
«Curriculum vitae»
- 1999** Martiño Maseda. Vilalba (Lugo), 1970.
«Todo por unha teima»
- 2000** Eva Moreda Rodríguez. A Veiga (Asturias), 1981.
«Veas verdes»
- 2001** Marta Pérez Martín. Barcelona, 1971.
«Chungungo»

Coordinación:

Benito Losada

Edición de textos:

Henrique Torreiro

Editan:

Agrupación de Libreiros de Ourense

Casa da Xuventude de Ourense

Patrocinan:

Concellería de Cultura do Concello de Ourense

Delegación Provincial de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude

Primeira publicación, en maio de 2002, cunha tiraxe de 1.000 exemplares. Tódolos dereitos sobre os textos pertencen ós seus respectivos autores/as.

Realización gráfica:

O Clube da Esquina, S.L. (Ourense)

Fotomecánica:

Imprenta SanMartín (Ourense)

Imprime:

Imprenta SanMartín (Ourense)

Depósito legal:

OU-97/2002

ISBN:

84-453-3346-1